O Profisional

Xornal de Información Xeral do Instituto de Educación Secundaria "María Sarmiento"

Ano XXV - Número 69

Viveiro, 21 de xuño de 2018

PREMIO NACIONAL ÁS MELLORES PRÁCTICAS EDUCATIVAS - CURSO 2003-04

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

TRES MATRÍCULAS DE HONRA NO BACHARELATO

Anaís Gómez Fernández, Tania López Fernández e Juan Fraga Pino, acadaron senllas matrículas de honra no Bacharelato (páxina 23)

Catalogación de fontes e lavadoiros de Viveiro

1º Premio Provincial Voz Natura 2017-18

Fotografía de Noemi Díaz Dovale
Gañadora do concurso
"FOTOGRAFÍA:
FONTES E LAVADOIROS"

Este traballo interdisciplinar, coordinado polo profesor de Educación Física, Francisco Basanta Barro, persegue a conservación do noso patrimonio e consistiu na catalogación de máis de 190 fontes e lavadoiros do Concello de Viveiro, situando as súas coordenadas e características sobre diferentes plataformas informáticas que se poñerán a disposición da comunidade.

Esta acción educativa obtivo o recoñecemento da Fundación Santiago Rey Fernández Latorre, outorgándolle o 1º premio provincial Voz Natura-Naturacción.

É a segunda vez que a nosa participación nese programa ambiental remata coa obtención dun premio; no 2003 tamén obtivemos ese mesmo galardón cun traballo sobre "Caracterización dos residuos contaminantes procedentes do automóbil".

(Máis iformación na páxina 8)

Cambios no equipo directivo

O que foi Vicedirector nos últimos tres cursos, Óscar Pita Corral, obtivo traslado para o IES Castro de Uz das Pontes, polo que ese cargo quedou vacante.

A Directora, Helena Pérez Inéz, propoñerá a finais deste mes de xuño, un/a novo Vicedirector/a, cargo que comezará a desempeñarse o vindeiro día 1 de xullo.

Tamén hai cambios no departamento de FCT (Formación en Centros de Traballo) que, dende fai 16 anos, coordinaba a profesora de Administración, Irma González Rodríguez; agora será Ramón Martínez Pego, profesor de Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos, quen se encargará desta etapa formativa obrigatoria para os alumnos de ciclos formativos.

SUMARIO

- Auditorías
- Entrevista a Lorena Piñón
- Congreso de Innovación na FP
- Avaliación en 4º de ESO
- Proxecto Voz Natura
- III Encontro interxeracional
- Celebrando as Letras Galegas
- FP, unha opción de futuro
- Premios á Innovación
- Mirador de Monte Faro
- Programa Proxecta
- Oferta educativa para o vindeiro curso 2018/19

ÚLTIMA HORA

A empresa Visage obtivo o 3º Premio no consurso de Miniempresas Lugo (páxina 6)

EDITORIAL

Melloraremos a oferta e os recursos

Dende a súa creación no ano 1932, o noso centro caracterizouse por unha ampla oferta educativa de Formación Profesional; a situación mudou coa implantación anticipada, na década dos 90, da ESO e dos novos bacharelatos; tamén se incorporou un réxime nocturno, (agora ensinanzas de adultos), co cal oferta foi medrando en todos os niveis, sendo na actualidade un verdadeiro sinal de identidade do centro: a atención para todos dende a diversidade.

Pois ben, con ese ánimo, aprobáronse as seguintes melloras na oferta:

- Implantación de dous novos ciclos formativos de grao superior, un de Automoción e outro de Administración e Finanzas modular.

-Na sesión do claustro do 11 de xuño, a incorporación ao programa Edixgal que pretende dotar a todos os alumnos de 1º e 2º de ESO, no vindeiro curso, de ordenador individual para traballar seis ou sete materias con este recurso didácico en substitución dos libros de texto.

-No claustro e Consello Escolar, a proposta dos profesores Celso Pérez Guerreiro e Mª Alicia Teijeiro López para incorporar a impartición bilingüe (inglés-galego) das materias de Anatomía Aplicada de 1º curso de bacharelato e de Física e Química de 4º curso de ESO.

Neste momento, estamos pendentes da necesaria autorización por parte da Consellería de Cultura, Educación e O. U. destas novidades, aínda que xa sabemos que hai alumnos suficientes para Física e Química e que se concederá o Ciclo Superior de Automoción.

Sen dúbida que estas melloras na oferta educativa serán beneficiosas para toda a comunidade.

AUDITORÍAS INTERNA E EXTERNA

Neste ano 2018 revisouse a totalidade do sistema de xestión da Calidade ao tempo que se fixo unha adaptación aos requerimentos da nova norma ISO 9001/2015.

A mediados deste trimestre, concretamente os días 10 e 23 de abril, celebráronse as preceptivas auditorías interna e externa, respectivamente. No primeiro caso foron a Directora e o Responsable de Calidade, José Javier Lebón Díaz, os que a dirixiron; mentres, a externa levárona a cabo Noelia Cea e Remedios Rodríguez de AENOR, verificando o grao de cumprimento dos requirimentos da certificación cunha valoración moi positiva do grao de seguimento das actividade docentes por parte do profesorado.

ENCONTRO DEPORTIVO



Cun marcador final de 45 puntos fronte a 43, rematou o encontrro de baloncesto que, tradicionalmente, veñen xogando representantes dos alumnos do IES María Sarmiento e do Vilar Ponte ao remate do segundo trimetre.

Nesta ocasión o desafío tivo lugar o 23 de marzo no pavillón dos institutos.

IMS IES MARÍA SARMIENTO 85 ANIVERSARIO 1932 2017
Ensino de calidade para todos
ESO, Bacharelatos, Ciclos medios e superiores, ESA
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VISITA Á FACTORÍA DE VESTAS

O pasado 16 de marzo, os alumnos dos ciclos formativos das familias profesionais industriais (Soldadura e Caldeiraría, Electromecánica do Vehículo, Carrozaría e Instalacións Electrotécnicas e Automatizadas), realizaron unha visita ás instalacións da factoría que o grupo Vestas ten en Chavín.

Ao chegar, foron recibidos polo seu responsable José Miguel Soto López e, unha vez constituídos os grupos, puideron coñecer *"in situ"* os diferentes procesos de fabricación dos aeroxeradores da man de responsables técnicos.

Tamén foi moi relevante, e gratificante, comprobar que unha gran parte do cadro de persoal desa empresa tan punteira foron alumnos dos nosos ciclos.

Agradecemos a atención prestada polo persoal da empresa, e os profesores acompañantes, coincidiron en valorar como moi positiva a actividade que serviu para fixar moitos dos conceptos teórico-prácticos que se imparten no propio centro educativo.

FOLGAS

A práctica totalidade do alumnado que ten dereito á folga secundou as mobilizacións convocadas para o pasado 19 de abril e 10 de maio. Na primeira xornada, a Asemblea Aberta de Mulleres considerou necesario o chamamento baixo o lema "Por un ensino feminista democrático".

O día 10 fíxose un chamamento contra a violencia, particularmente a raíz da sentenza pola violación en Navarra; moitos alumnos aludían tamén a determinados aspectos da LOMCE como son as bolsas de estudo e o custo da ensinanza.

DÍA DO LIBRO

Para conmemorar o 23 de abril, celebrouse un mercado solidario no recibidor do centro, onde se podían doar libros e mercar os exemplares por 2 euros.

Ao igual que no ano anterior, todo o recadado foi parar á protectora de animais "Gadoupas" de Viveiro.

NÚMEROS ANTERIORES O Provisional

Pódes consultar os números anteriores no enderezo web do IES María Sarmiento, apartado REVISTA ESCOLAR

ENTREVISTA:

Lorena Piñón López

Ex-alumna do noso Instituto, é Graduada en lingua e literatura modernas (Universidade de Santiago), Auxiliar de Conversa en Lycée Merleau Ponty (Rochefort) e Mestrando en Máster universitario en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e ensino de idiomas (Universidade de Vigo)

• En primeiro lugar, que supón para ti volver ao centro onde estudache, agora como profesora de Máster?.

O certo é que algunha que outra vez soñei con volver ao instituto. Á hora de elixir o centro de prácticas, tiña moi claro que quería volver aquí, ao María Sarmiento. Teño a impresión de que a adolescencia é unha etapa moi longa, e claro, paseina aquí, é como unha segunda casa.

Volver ao centro supón tamén enfrontarse a algún medo do pasado ademais de verte reflectido no novo alumnado. Para min era moi importante, despois do aprendido no máster poder conciliar a Lorena alumna co proxecto de profesora. É un privilexio poder situarte nos dous espazos ao mesmo tempo.

• Como ves os cambios habidos dende aquela época

O cambio máis grande é a inclusión das TIC dentro da aula. Na miña época (e non hai tanto) ás veces tiñamos que esperar ata a seguinte clase para coñecer algo, faciamos os traballos adaptándonos aos contidos da Encarta (unha enciclopedia virtual que era unha revolución) e dende logo non existía unha variedade tan ampla de documentos e aplicacións. Lembro o primeiro Powerpoint en 4º da ESO con Asunción, por exemplo, algo moi novidoso. Agora todo é moito máis inmediato e interactivo, hai unha grandísima variedade de ferramentas para empregar na aula e creo que iso se pode traducir tamén nunha educación máis espontánea e relaxada avanzando cara ás inquietudes do alumnado.

Outro dos aspectos que me chamou a atención é o favorecemento da lectura, quedei sorprendida co actual sistema de fomento da lectura. Era algo que non existía na miña época.

Por outra parte, debo dicir que desgraciadamente hai aspectos da educación que non mudaron dende a Idade Media, falo do ensino en xeral.

• Lembras algunha anécdota ou referencia salientable?

Lembro moitísimas anécdotas, coido que tería un par delas por cada un dos profesores que me

deu clase. De feito foi un pracer poder compartilas con eles na sala de profesores ou nos recreos. Creo que é importante que de vez en cando se lles recorde o que poden chegar a marcarnos.

De feito, unha das razóns polas que quixen volver ao instituto é o bo recordo que gardo do profesorado.

Lémbrome da viaxe de fin de curso a Barcelona con Manolo e Xaime. De cando Gema nos levou a Madrid a ver A Pantasma da Ópera, e sigo dicindo que é unha das cousas máis bonitas que vin na miña vida. Do humor cru de Mari Luz no ximnasio. Daquel fatídico exame que tivemos que repetir con Luis Mel, por delicuentes. Do gusto de Inma polas pinturas de Goya, de cando Xan nos levou a ver Acorazado Potemkin ao salón de actos da biblioteca (un recuncho que non sabía nin que existía).

No meu caso as grandes referencias teñen que ver cos meus gustos e intereses: gardo un recordo moi especial de Ricardo e de Xan. Pero como non, Mari Luz Poch é a culpable directa de que eu estea aquí.

Como dixen antes, é unha etapa moi longa, dá para moitos recordos. Mesmo podería presumir de que o propio Isaac Díaz Pardo nos botara unha boa reprimenda por non tomar apuntamentos durante unha charla súa sobre Sargadelos.

• Respecto á túa carreira profesional, como é que decidiche adicarte ao ensino?

Non é algo que esteña decidido, é unha porta que quero abrir, sobre todo despois da miña estancia como auxiliar de conversa en Francia. Creo que esa experiencia foi a que me empurrou a estar aquí. Eu pertenzo a esa xeración á que chaman os "frustrados". Medramos pensando que canto máis preparados estiveramos mellor sería o noso futuro, pero logo, temos que improvisar e loitar polo noso sitio como imaxino que fixestes moitos de vos. Hai uns meses era teleoperadora nunha axencia de viaxes on-line e agora penso en dedicarme ao ensino, pero poderei volver a mudar de opinión.

• Que metas te marcas para o futuro?

Mellorar o mundo a través do ensino, por suposto. Estou a bromear, metas persoais?, ser feliz, non deixar nunca de aprender, aprobar a oposición, formar parte dunha sociedade capaz de convivir, de ser solidaria, reducir o consumo de plástico, vivir un tempo nalgún outro país francófono...

• Volvendo ao ensino, nota se son moi diferentes os rapaces de hoxe en día aos de fai unhas décadas?

Eu creo que todas as persoas somos diferentes independentemente da xeración á que pertenzamos. Si que é certo que se poden establecer algunhas condutas xerais, por exemplo, esa necesidade de inmediatez, menor paciencia, menor esforzo pola memorización.

Tiven a impresión de que a relación docente-discente é moito máis relaxada (prefiro que así sexa). Non está ben ter medo a facer preguntas ou a equivocarse, é contraproducente neste ámbito. Porén, si que me preocupa certa falta de creatividade e pouco valor do esforzo persoal, tamén falo a nivel xeral.

• Gustaríache rematar a súa carreira profesional como docente no María Sarmiento?

Agora mesmo, é algo que vexo moi lonxe. De momento non o imaxino, se cadra máis adiante por cuestións de proximidade familiar pero vivín en varios sitios diferentes e o certo é que atopo certa beleza neste tipo de cambios, polo menos polo de agora.

Se algún día chega esa oportunidade, espero levar adiante algún proxecto educativo con algún dos meus profesores, nada me gustaría máis.

Quixera darvos as gracias pola vosa cálida acollida no centro, foi un pracer compartir estes dous meses con todos vos! Ata pronto!

-REDACCIÓN-

ENTREVISTADOS ANTERIORMENTE:

Yolanda Fernández López
Susana Quintela Díaz
Jessica Lash
Catalina Rivera López
Ramón Martínez Pego
Helena Pérez Inés
David e Valeria Fernández
Atilio Díaz Luaces
Alicia Figueiras Icasuriaga
Narciso Pillo Guerreiro
Uxío Rodríguez García
Patricia Amigo Caruncho
Óscar Rolle Calvo
Javier Mariño Chao
Adrián Ben Montenegro
Juan A. Menéndez Rocha
Eric Rodríguez Wolpers
Manuel Mira Martínez
Manuel Fernández López
Gonzalo Dablanca Blanco
Rebeca Bermudez Ramudo
Ángel Rodríguez Vázquez
Patricia Mariño Bouza
José Rodríguez Costa
Pedro Álvarez Expósito
Dolores Núñez Estévez
Francisco Basanta Barro
Euloxio Xesús Rubert Méndez

Congreso de Innovación na Formación Profesional

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, despois do éxito da primeira e da segunda edición, dálle continuidade a esta iniciativa coa celebración de FP Innova Galicia 2018, Congreso de Innovación na Formación Profesional, que se celebrou entre os días 25 e 27 de abril na Cidade da Cultura en Santiago. Os nosos alumnos visitaron o Congreso o día 25 e, ademais, volveron ter unha participación activa a través de dous proxectos deseñados polos alummnos do 2º curso do CS de Administración e Finanzas coa coordinación da profesora Yolanda Fernández; foron:

- Hotel Cramel, de catro estrelas adicado á restauración, aloxamento e celebración de eventos, e
- Visage, adicada á venda e formación nos procesos de maquillaxe.

Lembremos tamén que xa na edición anterior, expuxemos un traballo de deseño dunha "Interface de comunicación Arduino KNX" en colaboración co CIFP Politécnico de Lugo coordinado por Carlos Ferreiro.

Parabéns aos participantes!

ados
axencia de doazón de órganos e sangue

AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

Na última estancia do equipo de extracción de sangue no IES "María Sarmiento", o 4 de abril, realizáronse 13 doazóns, 8 delas foron de persoas que o fixeron por primeira vez.

Sentímonos orgullosos de colaborar co Centro de Transfusión de Galicia (e agora co ADOS) dende o 1994, acadando dende aquela un total de

1.094 doazóns

MÁIS INFORMACIÓN EN:
doadoressangue.ctg@sergas.es

DOA SANGUE
900 100 828

VISITA A CASTROSÚA E AO SALÓN DO AUTOMOBIL DE VIGO

O 12 de abril, aproveitando a viaxe a Vigo para ver o Salón do Automóbil, alumnos e profesores do Departamento de Transporte e Mantemento de Vehículos visitaron en Santiago a factoría de Castrosúa, empresa galega nacida no 1948 no Carballiño (Ourense) onde fabricaba carrozarías de autobuses en madeira.

Na actualidade o Grupo Castrosúa (Carsa, Insular, Cidsa e Castrosúa) é unha empresa lider mundial no sector.

Avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria (Reválida)

No DOG do 26 de abril de 2018 aparece a Resolución do 12 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación secundaria obrigatoria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2017/18

Esta avaliación ten soamente carácter mostral, afecta só ao 15% dos centros, e aplicouse ao alumnado matriculado neste curso escolar 2017/18 en 4º de ESO nos centros docentes seleccionados, entre eles o IES María Sarmiento.

As materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Primeira Lingua Estranxeira constituíron a referencia principal para a determinación do grao de adquisición da competencia lingüística por parte do alumnado.

Mentres, as materias de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas e Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas foron a referencia principal para a determinación do grao de adquisición da competencia matemática.

Xeografía e Historia considerouse para a determinación do grao de adquisición da competencia social e cívica.

As probas foron aplicadas e corrixidas polo profesorado que non imparte docencia ao alumnado avaliado os días 29 e 30 de maio de 2018.

A participación nas devanditas probas, no IES María Sarmiento foi só do 10,7%; en 4º B non acudiu ningún alumno.

VIAXE A LUGO

O 7 de maio, os alumnos de "Valores Éticos" de 1º, 2º e 3º de ESO visitaron o Museo Provincial de Lugo e O Progreso aompañados polas profesoras Belén Incera, Ana Martínez e Laura López.

VISITA A ZARA

As alumnas e alumnos de segundo do ciclo medio de xestión administrativa e de segundo do ciclo superior de administración e finanzas, visitaron o 22 de maio as instalacións de Inditex en Arteixo, para coñecer en directo a empresa téxtil máis importante do mundo. Fixérono a compañados de Margarita e Yolanda, profesoras do departamento de administrativo.

INCIBE

Persoal do Instituto Nacional de Ciberseguridade impartiron, o 31 de maio, unha charla sobre "Uso responsable e seguro das redes", dirixida aos alumnos de 2º de ESO.

CORRECCIÓN DE ERROS

Na páxina 17 do número anterior, publicado o 22 de marzo, figura no apartado "fai 15 anos" o número 2 de O Provisional, debendo dicir, número 26; por ese mesmo motivo tampouco se corresponde a foto que acompaña esa información.

Desculpas!

se digo non, é non!

"La mayoría de las veces, una mujer que habla de su violación empieza llamándola de otro modo"

-Teoría King Kong. Despentes, V. (Literatura Random House). 2018-

Proxecto Voz Natura LU-130

CATALOGACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS
NA CONTORNA DE VIVEIRO

acadamos o 1º Premio Provincial!



Alumnos de 2º de bacharelato traballando sobre toponimia do catálogo

Rematamos o proxeto "Voz Natura" iniciado en setembro, coa elaboración dunha selección de nomes das fontes e lavadoiros localizados; dita lista ten en conta aqueles que poidan resultar máis interesantes para estudar a súa orixe dende os puntos de vista lingüístico e histórico; esta criba fíxose, tanto pola importancia de determinadas características deste patrimonio, como pola peculiaridade dalgúns dos nomes, intentando abarcar cada unha das parroquias do concello e non só do casco histórico (onde se atopan as de maior importancia e as máis coñecidas).

Inicialmente, as seleccionadas para o estudo posterior foron Suasbarras, o Preguín, fonte dos Golpes, Fontegrada con lavadoiro, da Puida, da Sarna, Escourido, Cadafalso, Fontenova, fonte de Area e a dos Mouros.

Tamén se rematou a elaboración da páxina web e unha aplicación para "smartphones" para situar todos os datos obtidos sobre o terreo das máis de 190 fontes e lavadoiros catalogados.

O proxecto, dirixido por Francisco Basanta Barro, acadou o 1º premio provincial, consistente en diploma e 1.500 euros; ademais asistimos cos alumnos implicados no proxecto á festa que organiza a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, en Culleredo.

Parabéns a todos os participantes!

III Encontro Interxeracional "Fálame da Emigración"

Ao longo deste trimetre, por terceiro ano consecutivo, celebramos o Encontro Inter-xeracional "Fálame da Emigración"; este ano o alumnado participante foi o de 1º de ESO que tivo ocasión de coñecer as vivencias dun grupo de maiores de Afundación de Viveiro

A vida dos maiores na emigración vivida foi o eixe do programa, articulado a través de dous encontros precedidos dun extenso traballo preparatorio que, nesta ocasión, tomou como referente a obra de Rosalía de Castro.

Para os rapaces supuxo unha oportunidade de coñecer a historia real da emigración da man dos seus protagonistas e aprender valores coma o emprendemento, esforzo, superación e tamén a adaptación; para as persoas maiores voluntarias sentirse escoitadas, útiles e recoñecidas; para a comunidade educativa unha ocasión máis de experimentar con novas metodoloxías de aprendizaxe.

Na primeira sesión, celebrada no salón de actos, falouse sobre todo da experiencia vivida; mentres, na seguinte, á que corresponde a fotografía, fíxose na biblioteca, e reflexionamos sobre a emigración as súas vantaxes e inconvintes, trasladando a reflexión ao que agora se chama libre movemento de persoas, polo menos no seo da Unión Europea. De como se foron antes, e como se van agora, houbo diferentes reflexións e puntos de vista.

Isabel Mª Barcón Soto, profesora de Lingua e Literatura Galega, foi a encargada de coordinar os encontros e a actividade.

Exposición sobre a emigración no recibidor do centro (Fundación Abanca)

CELEBRANDO AS LETRAS GALEGAS

O día 7 de maio, houbo un encontro lector dos alumnos de 1º de ESO e 1º de bacharelaro con Ledicia Costas; leran previamente "A señorita Buble" e "Un animal chamado néboa".

O 10 de maio os rapaces de 1º e 2º de ESO asistiron, no Teatro Pastor Díaz de Viveiro, á representación de "Leonardo e os fontaneiros" de M. Victoria Moreno.

Pola súa banda, os de 3º e 4º foron, o día 15 do mesmo mes, ver "Anagnórise", tamén no Pastor Díaz. Nestas últimas saídas a Viveiro estiveron acompañados polos profesore/as titores e resto do equipo docente.

(Ilustración de Primitivo Marcos)

María Victoria Moreno Márquez

Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941
Pontevedra, 2005

Chega a Galicia no ano 1963 enriquecendo as nosas Letras tanto na narrativa infantil e xuvenil, como nos estudos literarios, no ensaio, na poesía e na didáctica da lingua e da literatura galegas

Lucía Pernas 4º B

Radio Patio MS
101.00 FM

RADIO ESCOLAR DO IES "MARÍA SARMIENTO"
EMITIMOS DE 11 A 11:30, NA SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

.gal

Formación Profesional

unha opción de futuro

Estamos ante un nivel de ensino constituído por contidos de carácter profesionalizador, orientados a conseguir unha capacitación laboral ou competencia profesional (dominios, destrezas, coñecementos,...) que se precisan para exercer unha determinada profesión.

Tamén permite construír itenerarios alternativos aos tradicionais de cara á continuación de estudos superiores.

a nosa oferta

Administración

• C.S. Administración e Finanzas

Desenvolve capacidades orientadas á organización da administración da xestión do persoal e operacións administrativas tanto no sector púbico coma no privado

MÓDULOS :

1º ANO

Formación e Orientación Laboral	107 horas
Comunicación e atención ao cliente	160 "
Inglés	160 "
Ofimática e procesado da información	133 "
Proceso integral da activ. comercial	213 "
Recursos humanos e resp. social	080 "
Xestión documentación xurídica comer.	080 "

2º ANO

Contabilidade e fiscalidade	157 horas
Proxecto de administrac. e finanzas	026 horas
Simulación empresarial	140 "
Xestión de recursos humanos	105 "
Xestión financieira	123 "
Xestión loxística e comercial	105 "
FCT (Formación en centros de traballo)	384 "

• C.M "Xestión Administrativa"

Desenvolve capacidades tendentes á realización de tarefas de auxiliar administrativo, no sector público ou privado

MÓDULOS:

1º ANO

Formación e Orientación Laboral	107 horas
Inglés	160 "
Operacións adm. da compravenda	133 "
Operacións aux, de tesourería	160 "
Técnica contable	133 "
Tratamento informático da informac.	267 "

2º ANO

Comunic. empres. e atención ao cliente	123 horas
Empresa na aula	156 horas
Empresa e administración	123 "
Operacións adm. de recursos humanos	123 "
Tratamento da documentación contable	105 "
FCT (Formación en centros de traballo)	410 "

Electricidade e Electrónica

• C.M. Instalac. electrotécnicas e automáticas

O ámbito da execución e mantemento de liñas eléctricas e instalacións en vivendas e edificios é o fundamental desta preparación

MÓDULOS:

1º ANO

Formación e Orientación Laboral	107 horas
Automatismoa industriais	213 horas
Electrónica	107 "
Electrotécnia	213 "
Instal. eléctricas interiores	320 "

2º ANO

Empresa e iniciativa emprendedora	053 horas
Infraestruturas de comunicación en vivendas e edificios	123 "
Instalacións de distribución	155 "
Instalacións domóticas	123 "
Instalacións solares fotovoltaicas	053 "
Máquinas eléctricas	123 "
FCT (Formación en centros de traballo)	410 "

• C.S. Sistemas electrotécnicos e automatizados

Desenvolve capacidades orientadas ó ámbito do proxecto, loxística e mantemento de instalacións electrotécnicas

MÓDULOS:

1º ANO

Formación e Orientación Laboral	107 horas
Procesos en instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións	187 "
Sistemas e circuítos eléctricos	213 "
Técnicas e procesos en instalacións domóticas e automáticas	213 "
Técnicas e procesos en instal. eléctricas	240 "

2º ANO

Configuración de instalacións domónicas e automaticas	140 horas
Config. de instalacións eléctricas	140 "
Desenvolvemento de redes eléctricas e centros de transformación	122 "
Documentación técnica en inst. elect.	105 "
Empresa e iniciativa emprendedora	053 "
Proxecto de sistem. electricos e autom.	026 "
Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas	070 "
FCT (Formación en centros de traballo)	384 "



Fabricación Mecánica

• C.M. de Soldadura e caldeiraría

Realizar tarefas relacionadas coa fabricación e montaxe de estruturas metálicas é o obxectivo fundamental de formación que persegue este título

MÓDULOS:

1º ANO

Formación e Orientación Laboral	107 horas
Interpretación gráfica	133 "
Mecanizado	160 "
Soldadura en atmósfera natural	347 "
Trazado, corte e transformación	213 "

2º ANO

Empresa e iniciativa emprendedora	053 horas
Metroloxía e ensaios	123 "
Montaxe	193 "
Soldadura en atmosfera protexida	261 "
FCT (Formación en centros de traballo)	410 "

Mantemento de Vehículos

• C.M. de Electromecánica do Vehículo

As capacidades que desenvolve están orientadas ao ámbito do mantemento, preventivo e substitutivo, dos vehículos automóbiles, motocicletas, maquinaria e pequenos motores mariños

MÓDULOS : 1º ANO

Formación e Orientación Laboral	107 horas
Circuítos de fluídos, suspens. e direc.	213 "
Mecanizado básico	107 "
Motores	133 "
Sistemas de carga e arranque	213 "
Sistemas de transmisión e freada	187 "

2º ANO

Empresa e iniciativa emprendedora	053 horas
Circuítos eléctricos auxiliares	175 "
Sistemas auxiliares do motor	193 "
Sistemas de seguridade e confort	157 "
FCT (Formación en centros de traballo)	410 "

• C.S. de Automoción

Adquírense destrezas orientadas á organización e supervisión das operacións e loxística do sector da automoción, maquinaria, industrias extractivas , obras públicas e compañías de seguros

1º ANO

Elementos amovibles e fixos	213 horas
Formación e Orientación Laboral	107 horas
Motores térmicos e sistemas auxiliar.	267 "
Sist. eléctricos e de seguridade/confort	240 "
Xestión e loxística	133 "

2º ANO

Empresa e iniciativa emprendedora	053 horas
Estruturas do vehículo	123 "
Sist. transmisión , trens rodaxe	209 "
Técnicas de comunicación e de relac.	053 "
Tratamento e recubremento de superfic.	192 "
Proxecto	026 "
FCT (Formación en centros de traballo)	384 "

Presenta a túa solicitude para cursar ciclos formativos do 25 de xuño ao 3 de xullo

1º CURSO

1º TRIMESTRE
SETEMBRO-DECEMBRO
FORMACIÓN NO CENTRO

2º TRIMESTRE
DECEMBRO-MARZO
FORMACIÓN NO CENTRO

3º TRIMESTRE
MARZO-XUÑO
FORMACIÓN NO CENTRO

2º CURSO

1º TRIMESTRE
SETEMBRO-DECEMBRO
FORMACIÓN NO CENTRO

2º TRIMESTRE
DECEMBRO-MARZO
FORMACIÓN NO CENTRO

3º TRIMESTRE
ABRIL-XUÑO
FORMACIÓN NA EMPRESA
(FCT)

Título Profesional Básico en:
-Electromecánica do Vehículo
-Servizos Administrativos
(NIVEL 1)

Títulos de Técnico en:
-Electromecánica do Vehículo
-Instalacións Electrotécnicas e Automáticas
-Xestión Administrativa
(NIVEL 2)

Título de Técnico Superior en:
-Administración e Finanzas
-Automoción
-Instalacións Electrotécnicas e Automáticas
(NIVEL 3)

O Probisional

COMENZARON AS OBRAS DE AMPLIACIÓN

NOMEAMENTO DE DIRECTOR

SUMARIO:
II Xornadas Informativas
O conto da avoa
Planificación de estudos
Torneo de fútbol sala
Os horreos galegos
The Killer Barbies
A caza das baleas...
Trinta anos de música 'dura'
Xogos populares
Programas europeos: Sócrates

fai 20 anos

Portada do nº 12, publicación: 22-06-98
SUMARIO: Comezaron as obras de ampliación, II Xornadas Informativas e de Orientación, O conto da avoa, Planificación de Estudos, Os horreos galegos, The Killer Barbies, A caza das baleas, 30 anos de música dura, Xogos populares, Programas Europeos: Sócrates

O Probisional

LOGRÁMO-LA CERTIFICACIÓN EXTERNA DE CALIDADE ISO 9001/2000

LETRAS GALEGAS 2003 Antón Avilés de Taramancos

SUMARIO:

fai 15 anos

Nº 27, publicación: 20-06-03
SUMARIO: Subproceso de actividades de aula, Alma de samurai II, A ponte da Misericordia, Rutas: Silvarosa, No bo camiño, A nosa viaxe cara á calidade, Orzamentos 2003, VII Xornadas Informativas, Proxecto Voz Natura, Viaxe de 4º de ESO, Deep Purple, Libros recomendados, Alternativas para o verán

O Probisional

CONTINÚA O ACTUAL DIRECTOR CUN NOVO PLAN ESTRATÉXICO

LETRAS GALEGAS 2008

SUMARIO:

fai 10 anos

Nº 42, publicación: 20-06-2008
SUMARIO: Auditoría externa nº 6, Entrevista: Mª Dolores Núñez, O xogo do peón, Intercambio lingüístico, Electrolizador, Plan estratéxico 2008-2012, Experiencia dunha inmigrante, Xaquín Marín Formoso, Bessie Smith, Vacina contra o VPH

O Probisional

INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO CO LYCÉE COUSERANS E VIAXE A ROMA

SUMARIO:

fai 5 anos

Nº 55, publicación: 21-06-2013
SUMARIO: Intercambioco Lycée Couserans e viaxe a Roma, Auditorías, Reunión dos xubilados, Entrevista a Óscar Rolle Calvo, Caminar, Letras Galegas 2013, Evolución da frota de Celeiro, Planificación de estudos 2013-14, A carón do blues: Robert Nighthawk, A Educación en España (II)

Xubilación:

MARÍA JOSEFA CARMEN BARREIRA RIVAS

Ao remate deste curso xubílase Josefa Barreira, profesora de Inglés, despois de case 35 anos adicada á docencia.

Comezou a dar clase no Colexio San Clemente (O Pindo) no curso 1983-84. No curso seguinte, ata o 1990, estivo na Escola-fogar "Santa Rita"de Galdo onde tivo o cargo de Directora. Dende finais do curso 1989-90 ata o 1997-98 foi profesora no CEIP "Santa Rita"; por mor do proceso de adscrición pasou a dar clase no IES María Sarmiento a comezos do curso 1998-99, onde continuou ata a actualidade.

Desexámoslle moita sorte nesta nova etapa vital.

BUSCA 5 PERSOEIROS AOS QUE SE LLES ADICOU O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Alonso Touza, Modesto - Avendaño Otero, Mª Carmen - Roberto Vidal Bolaño - González Príncipe Carlos A. - Lourdes Maceiras - Mato Díaz, José Manuel - Precedo Ledo, Andrés - Valentín Paz Andrade - Senra Varela, María -Rivas Fontán, José - Bernardez Álvarez, Senén - Casanova González, Mª Dolores - Antón Avilés de Taramancos - Curieses de Los Arcos, Ana Mª - Fernández Marín, Clara - Ventoso Mariña, J. Antonio - González Noguerol, J. Antonio - Fermín Bouza-Brey- Díaz Pardo, Isaac - Nogueira González, Diana - Rey Bello, Menchu - Vicente Martínez Risco- Suárez Abel, Miguel - Cociña Lozano, Olalla- Nuñez, Carlos - Díaz Valiño, Camilo - Rodríguez Moya, Luis - Ucha Sobral, Noemí - Castro, María - Casal Paz, Luz - Fernandez Paz, Agustín - Misa, Iria

Os alumnos de 4º de ESO e de Administrativo de adultos viaxaron a Roma e Florencia

Dende o luns 21 ao venres 25 de maio, Helena Pérez Inés, Angélica Otero Fernández e Ana Pego González guiaron a un grupo de alumnos de 4º de ESO na súa viaxe de fin de etapa educativa que, neste curso, volveu escoller a cidade de Roma como destino.

Este foi o seu calendario de visitas:

-Ao chegar aproveitaron a tarde para visitar a zona Termini, Praza da República e arredores do hotel.

-Segundo día pola mañá. Realizaron unha panorámica da cidade, Roma barroca, visitando as rúas, prazas, fontes e palacios máis famosos da arte Barroco: dende a Praza de España pasando pola espectacular Fontana de Trevi á incrible arquitectura do Panteón, praza Navona coa Fonte dos Catro Ríos de Bernini.

Pola tarde: praza Venecia, na que sobresae o monumento Nazionale Vittorio Emmanuel II, un dos edificios máis curiosos de Roma. A ruta continuou paseando polas rúas da cidade ata o mercado de Traxano, o primeiro centro comercial cuberto da historia de 2.000 anos de antigüidade, e que se conserva á perfección. Tamén estiveron na Basílica de San Pietro In Vinicole, onde se atopa a impresionante escultura do Moisés de Miquelangelo, unha das obras mestras deste xenio.

-Terceiro día. Pola mañá visita guiada: roma antiga, Coliseo (anfiteatro con capacidade para 50 ou 60.000 espectadores). A continuación foron aos Foros Imperiais e, xa pola tarde, á Praza Campidoglio, Igrexa de Santa María in Cosmedin (para ver a Bocca della Verita, antiga máscara de mármore da que din que se pos a man dentro traerache sorte), e barrio xudeu; remataron a xornada no Teatro Marcelo, Illa Tiberina e o famoso barrio Tras Tévere.

Cuarto día. Museos vaticanos Capela Sixtina, Estancias de Rafael, Basílica e Praza de San Pedro, Castelo de SantAngelo, e arredores do Vaticano.

Sen dúbida unha viaxe para lembrar!

Mentres, un grupo de alumnos dos ciclos de Administrativo foron a Italia do 4 ao 8 de maio. Ao tratarse dunha viaxe tiveron unha apretada axenda visitando en Roma: praza Barberini, Fontana de Trevi, Panteón de Agripa, praza Navona, praza Venezia (Monumento Vitorio Emmanuel II), e a columna de Traxano. Tampouco faltaron as visitas ao Coliseo, Foro, Palatino, Igrexa de San Pedro (onde se atopa O Moisés de Miquelangelo, finalizando nas Termas de Caracalla.

Un día enteiro adicárono ao Vaticano: Basílica, subida a cúpula, Museos, Capela Sixtina, Castelo de Sant Angelo, rematando a xornada na Praza do Pópolo e na praza de España.

Xa en Florencia estiveron no casco histórico, Piazza do Duomo onde se atopa o conxunto da catedral, El Camanile e o Baptisterio; logo viron a ponte Vecchio, finalizando na Galleria de la Accademia, onde se atopa o famoso David de Miquelangelo, entre outras importantes obras.

viaxes a Toledo

O grupo de 4º de ESO na parada que fixeron no Real Monasterio de San Lorenzo do Escorial mandado construír por Felipe II

Aquí vemos os alumnos de 1º de bacharelato na cidade de Aranxuez, un dos Reais Sitios da Coroa; así o dispuxo o mesmo Rei no 1560

En dúas quendas, do 4 ao 6 e do 11 ao 13 de abril, os alumnos de 4º da ESO e de 1º de Bacharelato respectivamente, realizaron unha viaxe cultural a Toledo, organizada polo departamento de Relixión Católica Visitaron o Alcaázar, Museo do Greco, Sinagoga de Sta. María da Branca, Igrexa de Sto. Tomé, onde se atopa o famoso cadro do "Enterro do Señor de Orgaz", e Mosteiro de San Xoán dos Reis. Aproveitaron tamén para visitar o Palacio Real de Aranxuez e o Mosteiro do Escorial.
Foron acompañados polos seguintes profesores: Carlos Castedo Meilán, Belén Incera Ares e Angélica Otero Fernández.

Alexia López Barcón charlou con Joni Ramos

Un traballo que presentou ao XV Concurso Mellor Periodista Xuvenil de Prensa-Escuela da Voz de Galicia. Reproducimos a continuación a entrevista feita en castelán tal como se publicou no devandito diario.

Joni Ramos (Celeiro, 1992), (cantante y exalumno del María Sarmiento), es una persona que lucha por lo que quiere y no para hasta conseguirlo. Alguien que por muchos palos que le dé la vida, está siempre con una sonrisa, y lo mejor es que disfruta haciendo lo que hace y viendo la gente y disfrutar de ello.

¿Por qué decidiste dedicarte a la música? ¿cuánto tiempo llevas en ello?

Porque es mi gran pasión, es lo que más amo en el mundo. A pesar de que no creía que me fuera posible vivir de ello de mis inseguridades. Tras recibir muy buenas críticas, comencé a superar mis miedos y decidí que, esta, mi única vida, estaría dedicada a perseguir mi sueño y a compartirlo con todos aquellos que quisieran vivirlo conmigo.

¿Qué tipo de música te gusta tocar o cantar? ¿Qué música sueles escuchar?

Me gusta hacer especialmente funk, soul y jazz. También me gusta la música latina, me da alegría. Michael Jackson, James Brown, Luciano Pavarotti y Andrea Bocelli, entre otros.

¿Qué sientes cuando subes al escenario empiezas a actuar delante del público?

Siento lo más bonito que puede existir la vida. Es como el amor, pero sin sexo. Ver esas sonrisas de complicidad, escuchar esos aplausos y esa cantidad de cariño. Es mi sueño. Mi auténtica felicidad.

¿Qué te animó a ir a Got Talent?

Me animó la gente que me apoya. Al igual que a seguir trabajando duro y no parar nunca. La música, mi familia y ellos, mi segunda familia son pilares fundamentales en todo esto. Cuando todo parece estar perdido, cuando recuperarse parece imposible, mis fans son los que me animan. Sin ellos no hubiera podido tener la vida que deseaba.

¿Qué sentiste cuando los cuatro jurados te dieron el sí y todo el mundo te animaba? Orgullo felicidad y ganas de llorar de alegría

Mi paso por televisión me ha servido para que mucha gente me conociera, Pude mostrar tres de mis facetas, entre ellas la de de compositor y, por todo esto, yo he ganado. No necesitaba más, mi felicidad ya era patente desde que la primera persona que me escuchó decidió aplaudirme.

A innovación tecnolóxica nas aulas de FP do María Sarmiento

A Consellería de Educación vén de recoñecer a innovación tecnolóxica na FP do IES María Sarmiento de Viveiro con tres premios a tres proxectos presentados por un grupo de profesores deste centro

> Adestrador de sensores no automóbil, premiado con 3.700•. Preténdese construír unha maqueta de traballo para que os alumn@s poidan facer prácticas de electricidade, electrónica e informática nos modernos sistemas multiplexados dos vehículos actuais. Por cuestións económicas o alumnado difícilmente ten acceso a stes sistemas ata que levan anos no mercado. Estes sensores e actuadores recuperaranse dende desguaces de vehículos accidentados e instalaranse e configuraranse nunha estrutura deseñada para tal fin. Despois, dotaranse dunha toma OEBD para poder analizar e diagnosticar diferentes sinais susceptibles de avarías, comparándoas con outras que actúan como patróns; unha maqueta didáctica da que se beneficiarán os alumnos de Electromecánica e Carrozaría.

> Maqueta experimental para o estudo dos sistemas TT (Toma de Terra), **TN** (Toma Neutro) **e IT** (Impedancia a Terra), premio de 7.000•. O interese deste proxecto radica en que vai permitir realizar, de forma empírica e segura, nun contorno controlado e illado da instalación do Centro Educativo, o estudo dos diferentes elementos dunha instalación eléctrica e a súa configuración. O habitual é que moitos dos aspectos que imos analizar se aborden unicamente de forma teórica, partindo de bases que a miúdo resultan pouco intuitivas e difíciles de aceptar. Na elaboración da maqueta estarán implicados alumnos tanto do Ciclo Medio como do Superior de Instalacións Electrotécnicas, debido á súa relación con diferentes módulos de ambos ciclos de Electricidade que se imparten no noso centro.

> Desenvolvemento de modelos de construción de trampas para avespa asiática (v. velutina), premiado con 3.300•. Estre proxecto está baseado no uso de arpas eléctricas selectivas na contorna das colmeas.

* FOTO ÁLBUM *

S. XOÁN BOSCO 1969 - MISA NA CAPELA DO CENTRO, OFICIADA POLO PROF. DE RELIXIÓN D. AMADO AGUIAR AGUIAR

NOVA VIAXE A PARÍS



Alumnos de Francés realizaron unha viaxe didáctica a París co obxectivo de mellorar o coñecemento da lingua e cultura gala

Visitaron o Sagrado Corazón, praza dos pintores e o Moulin Rouge, no barrio bohemio de Montmartre onde se aloxaron. Tamén, estiveron no museo do Louvre , Torre Eiffel, Campos Eliseos e no Arco de Triunfo.

O grupo foi acompañado polas profesoras Helena Pérez Inés e Angélica Otero Fernández

DÍA DO MEDIO AMBIENTE

5 xuño

Adiamos as accións programadas para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente (*). Estaba previsto realizar unha actividade interdisciplinar no río da Rigueira (Xove) ao redor do ciclo e a calidade da auga (proxecto ríos), cursos fluviais, relevo, usos tradicionais e do léxico relacionado coa temática, pero tivo que suspenderse polo mal tempo.

No caso de celebrarse noutro momento informaremos no seguinte número.

(*) establecido pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución do 15 de decembro de 1972; celébrase dende 1973 o 5 de xuño de cada ano, data coa que se deu inicio á Conferencia de Estocolmo (1972), cuxo tema central foi o Ambiente

@aribeiradixital
-Xornal dixital de Viveiro
aribeiradixital.com

Ventá aberta aos libros

BIBLIÓPATAS E FOBÓLOGOS

Emma Pedreira, da que se vén dicindo que é unha das autoras con máis proxección na nosa literatura, agasallounos no 2017 con este libro de relatos heteroxéneos, algúns mínimos, cuxo eixo vertebrador son os libros e a lectura. Ademais, nunha literatura algo falta de humor, benvido sexa quen nos deixe o ánimo en boa disposición, e Emma Pedreira conséguеo: historias nas que os libros se tornan perigosos explosivos nos autobuses, un avó con pinta de militar que saía do armario para escribir novelas de amor, uns gobernantes que decretan clases para desaprender a ler... Descubriredes homenaxes a Shakespeare, a Cortázar, a Ray Bradbury e o seu Farenheit 451, entre outros.

O XARDINEIRO DOS INGLESES

A historia comeza co encontro de dous mariñeiros, un inglés e outro alemán, cunha moza galega. A través dos ollos desta rapaza, Delia, asistimos á crónica da Vilagarcía de Arousa da primeira metade do século pasado que se vai alternando coa investigación dun escritor actual, quen trata de descifrar o enigma que rodea as vidas de Delia e mais do seu fillo Edelmiro, o cal pasou unha boa parte da súa existencia adicado por enteiro ao coidado do xardín do cemiterio dos ingleses. Mais toda investigación pode levar a inesperadas e dolorosas descubertas.



O FACEDOR DE TEATRO

Thomas Bernhard figura entre os autores contemporáneos máis recoñecidos; de feito este austríaco de nacemento acadou o premio Georg Büchner, o máis importante das literaturas en lingua alemá. Tanto na súa obra narrativa coma na teatral destacou por amosar unha visión crítica da realidade social e cultural de Austria, onde prohibiu que se representaran as súas pezas teatrais (así o reflectiu no seu testamento). Con respecto a O facedor de teatro, Bernhard, quen confesara que a súa escrita nacía da rabia e que precisaba estar de mal humor para crear, deixa caer a súa dura crítica desta volta sobre a profesión teatral, comezando polos actores e rematando polos críticos: non safa ninguén.

Para aqueles que queiran fuxir de tanta crítica corrosiva, sempre quedará o humor menos acedo de Moliérè presente en Tartufo, peza clásica que acaba de saír en galego da man da editorial Laiovento. Combina humor e denuncia, a denuncia da hipocrisía daqueles que se finxen moi crentes para ascender na vida: uns son descubertos, outros acadan o éxito... E Tartufo?

IDENTIDADE E UNIVERSALIDADE. LECTURAS DE PINTURA GALEGA

Valaquí un achegamento á pintura galega de fins do XIX e o XX. Sen ser un libro para todo tipo de lectores, a obra de Carlos L. Bernárdez vainos guiando dun xeito ameno na contemplación dos retratos e autorretratos dos pintores galegos desde finais do XIX ata mediados dos XX, así descubriremos as pegadas do realismo, o simbolismo, o impresionismo, o fauvismo, o expresionismo e outros ismos da vangarda pictórica, o indixenismo do muralismo mexicano, entre outros, sobre os Corredoyra, Arturo Souto, Colmeiro, Maside, Laxeiro, Maruja Mallo, Eugenio Granell, Luís Seoane... Nunha segunda parte analiza a obra dalgunhas das figuras centrais do movemento renovador da arte galega no primeiro terzo do XX, denominados Os Novos: Maside, Souto e Colmeiro. Por unha banda, é unha mágoa que o apéndice fotográfico dos cadros aos que se vai facendo referencia sexa en branco e negro, mais, por outra, tornaríao prohibitivo.

www.edu.xunta.es/centros/iesmariasarmiento/

MIRADOR DO MONTE FARO

- José María Leal López-

Monte Faro, cunha altitude duns 194 metros, xunto coa punta Socastro ou Fuciño do Porco na outra beira, son os dous cabos que delimitan a entrada á Ría de Viveiro, con senllos faros que proporcionan axuda para entrar a seguro

Na cima hai varios miradores que permiten ver toda a paixase ao redor, ás veces vese tapada polos eucaliptos. Tanto a parroquia de Faro, pertecente ó concello de Viveiro, coma o Monte Faro reciben este nome porque xa na antigüidade se facían sinais luminosas con fogatas para sinalar a entrada á ría ou, tamén, avisaban os lugareños de posibles invasións dende o mar.

Pois ben, un grupo de compañeiros decidimos facer esta ruta pedestre; quedamos para saír o sábado ás nove da mañá dende a Oficina de Turismo.

O traxecto é de sete quilómetros en cada sentido, o día está gris pero non chove, a temperatura é agradable. Saímos pola avenida Ramón Canosa que vai a carón da ría e dos portos deportivo e de baixura; chegamos a Celeiro onde hai unha gran actividade, pasamos por diante da piscina municipal, da Consellería de Pesca, a Casa do Mar, o Pósito de Pescadores -edificio emblemático da localidade-, e o porto pesqueiro coas súas modernas instalacións: hai unha morea de barcos e lanchas máis pequenas atracadas nos peiraos e un mercante cargando cuarzo. Pasamos pola rúa do Porto (1), preto da praia e do mítico Rancho Chico, logo subimos polo Celeiriño que segue destartalado dende o derrube, e que nos mostra unha imaxe penosa e de abandono, case non se ve a ninguén: parece un barrio pantasma.

Subimos pola Atalaia ata o grupo de vivendas sociais dos pescadores dos anos cincuenta (2) e, dende alí, enriba parámonos a mirar a fermosa vista panorámica: podemos ver Celeiro, Viveiro, a Ría, a praia de Covas , o porto, etc... Seguimos camiñando, pasando polo lugar no que había un muíño do vento (3) xa desaparecido, e así chegamos á Casanova, por onde está previsto facer unha ponte de formigón sobor da ría de Viveiro con dous carrís, sostida por piares dese mesmo material, ata a outra ribeira para levar no futuro a chamada vía de alta capacidade ata Ferrol. Seguimos; deixando atrás a estrada LU-862 que vai a Ribadeo e baixamos polo camiño asfaltado de Alboi ata Area; pasamos por Auga Doce onde hai unha barriada de chalés restaurantes e hoteis, ata que chegamos ao albergue xuvenil, xa na praia de Area; paramos e sentamos a mirar o fermoso areal de bandeira azul, o mar está calmo e a mareira baixa, da gusto oír o "run run" sobre a fina area da praia, e os chíos das gaivotas que abundan nesta zona (aniñan na pequena Insua, a illa que hai fronte á praia); tamén podemos observar ao final dá mesma os restos arqueolóxicos -pode que de Estabañón- (4) desenterrados e postos á vista polos fortes temporais do mar que bateron con forza naquela zona.

Descansamos un pouco, reanudamos a ruta pola estrada de Area ata que chegamos a un cruce onde hai catro saídas -parece un parchís-, a primeira á dereita conduce a Reboredo moi usada polos ciclistas e corredores de montaña pola súa forte pendente, sobe ata o alto do Cruceiro pasando a carón da estacíón de FEVE (5); a seguinte estrada, que sae do cruce é a que vai ata Xove e Vilachá; a terceira, é a estrada de Faro, a que seguiremos; logo, a última saída, chámase camiño de Corgos que baixa á praia e á zona de chalés.

Comezamos a subida suave pola estrada de Faro; a man esquerda vemos a moderna Igrexa Parroquial, ten forma de vieira, está pechada e non podemos ver o interior; hai ao pé da porta unha placa que di:

"Iglesia Parroquial de San Julián de Faro. Se inauguró el día 20 del XII de 1992, Arquitecto José Díaz López, Párroco Vicente Gradaille Trobo". (6)

Continuamos, pasamos polo lugar de Brieiro, zona de casas e chalés; subindo pola leve pendente xa imos vendo a praia de Area con todo o seu esplendor, tamén a Insua e a punta da Arnela; máis arriba, a mán esquerda, vemos a antiga igrexa da parroquia que foi arranxada recentemente para evitar o seu derrubamento, a carón da mesma está o cemiterio, unha placa informativa explica as características e historia desta igrexa e tamén fai referencia á lenda de

Estabañón, literalmente di:

"Igrexa de San Xulián de Faro. Construída no Século XVIII, Fachada principal con arco medio punto espadana dun só corpo cun van curvado por un frontón, figuras emboladas e unha cruz de pedra. A dereita da porta pía de auga bendita de pedra de granito con restos labrados, á esquerda pía bautismal tamén de pedra de granito con estrías. Pórtico rústico con dúas entradas laterais. No muro dereito da nave ventá que anteriormente foi unha porta , cemiterio acaroado a devandito muro, o interior da Igrexa consta dunha cuberta de madeira a dúas augas, Arco triunfal de medio punto, capela maior cadrada, cuberta de catro augas e sacristía cuberta a tres. Paramentos de lastras e teitume totalmente refeita. No presbiterio, retábulo maior neoclásico popular de dous corpos, no primeiro catro columnas dóricas e tres fornelas, Virxe do Rosario do Século XVII, Inmaculada da Barroca, globo teráqueo do século XVIII pintado ao óleo e San Xosé de finais do XVII, no segundo, imaxe titular de San Xulián do Século XVIII, retábulos laterais do Século XVIII".

Na mesma placa, seguimos lendo, o que conta da lenda de Estabañón:

"Nesta parroquia cerca da Praia de Area, atópase a lagoa de Carracedo, onde segundo a tradición están sepultadas as ruínas da Vila de Estabañón, pobo da antigüidade cuxos habitantes se dedicaban á pesca das baleas. Conta a lenda que cando Santiago andaba predicando por Galicia e o abordou unha tempestade, chegou a Estabañón na súa barca a pedir auxilio. Acudiu a un veciño pero este non lle quixo prestar axuda, entón enfurecido por semellante feito subiu o Monte Faro e dende alí dixo... Arrevirate vila co dabaixo pra riba, e de súpeto o mar enfureceu e asolagou a vila,,, Aínda hoxe os veciños din cos días de mar calmo vese no fondo da lagoa a torre da igrexa e ás veces oen o leve son das campás".

Despois desta parada avanzamos por Faro ata chegar a outro cruce, á dereita vaise para Xuances (Xove) e pola esquerda á cima do monte; o ascenso comeza cunha rampla longa e moi empinada, dun quilómetro e medio, despois ao final suavízase algo; á man dereita hai un camiño que vai ata o faro. Xa alí vemos unha torre de forma cuadrangular, duns seis metros de altura, na que hai unha potente luz vermella que emite sinais luminosos visibles a unhas sete millas mar a dentro, o outro faro similar como dixemos antes, está na outra punta en Socastro. (7)

Retomamos a subida, os eucaliptos abundan por toda a zona, apenas deixan ver o mar; despois da forte pendente, chegamos a unha zona suave e empezamos a ver as fermosas vistas da ría; seguimos andando ata chegar á cima onde están os tres miradores situados de forma estratéxica para divisar toda a paisaxe que hai ao redor, distínguense porque están feitos de forma circular e bordeados por pedras talladas. Neste lugar houbo antigamente un castro celta do que aínda se poden ver restos. Tamén conta con mesas e bancos de pedra para xantar ou descansar, nas zonas laterais hai situadas varias torres metálicas de telecomunicacións.

Disfrutamos das impresionantes vistas: a Ría de Viveiro, praia de Area, espigóns e os peiraos de Celeiro, monte San Roque, Viveiro, praia de Covas, Seiramar, vemos o Cargadoiro da mina, monte da Silvarosa (8), punta Socastro, illa Gaveira; máis ao lonxe a illa Coelleira. Mar aberto vemos varios mercantes fondeados na enseada de San Román (O Vicedo) esperando para entrar no porto de Alcoa en San Cibrao, tamén avistamos tres barcos pesqueiros entrando; máis abaixo da ladeira vemos a praia de Portonovo, e xa no Concello de Xove, divisamos a fermosa praia de Esteiro un paraíso para os surfistas que aproveitan a forte ondeada que hai na zona, logo a ensenada de Esteiro, a praia de Muiñelo, a ensenada de Regodela coa punta Fontán, nos anos setenta houbo a un proxecto para facer alí unha central nuclear, menos mal que a forte oposición popular, a moratoria nuclear e a existencia dunha falla tectónica frearon o proxecto. Seguimos xirando e xa vemos a parte do interior rodeada de montañas con abundantes piñeirais e eucaliptais unha das riquezas madeireiras desta zona. Hai unha brisa fresca do nordés, baixamos ao abrigo comentando a famosa lenda de Estabañón e outras lerias. Así, entre risas e parolas, chegamos á unha do mediodía a Area onde xantamos nun coñecido restaurante. Despois de xantar e charlar animadamente, saímos para Viveiro, a onde chegamos sobre das cinco da tarde; como era sábado, habia moi bo ambiente nas rúas.

Vale a pena subir ao Monte Faro!.

Viveiro, maio 2018

* * *

PARA SABER MÁIS:

1) O porto de Celeiro: as súas orixes. O Provisional, nº 22, de 21/12/2000
2) Lembranzas do "Pedrosa Latas". O Provis. nº 68, de 23/03/2018
3) O muíño de vento de Celeiro. O Provis. nº 43, de 19/12/2008
4) A lenda de Estabañón. O Provis. nº 7, de 20/12/1996
5) O ferrocarril Ferrol-Xixón. O Provis. nº 67, de 22/12/2009
(6) O arquitecto autor da obra é "Galleiro", profesor no IES María Sarmiento dende 1978
7) Apunta de Socastro (Fuciño do porco). O Provis. nº 67, de 21/12/2017
8) The Vivero Iron Ore Co. Ltd. O Provis. nº 40, de 21/12/2007

EXCURSIÓNS A QUIROGA E CANGAS DE ONÍS

Dende o 21 ao 23 de maio, os titorandos de 1º de ESO, cos seus profesores Fran Basanta e Mariluz Fernández e Josefa Barreira viaxaron ata Manzaneda para levar a cabo unha intensa programación lúdica, deportiva e cultural ao tempo que se traballaron aspectos relativos á convivencia e integración social.



Como complemento ás actividades docentes de 2º ESO, quixemos propoñerlles aos nosos alumnos unha excursión, do 23 ao 25 de maio, para coñecer Arriondas e os Lagos de Covadonga, coa pretensión de fomentar o coñecemento do medio ambiente, o patrimonio cultural e etnográfico nun ambiente lúdico e ameno onde os rapaces participaron de multiples actividades deportivas. Estiveron acompañados polas profesoras, Belén Incera, Laura López e Chus Polo.

O Departamento de Educación Física súmase ao programa PROXECTA

"iesmasa en forma"

Dentro do devandito programa que promove a Consellería de Educación en colaboración con outros organismos, o Departamento Física acóllese á modalidade de "centros activos e saudables" e á plataforma DAFIS (Datos sobre a Valoración da Condición Física Saudable), unha ferramenta que pemite o rexistro e comparación dos datos das probas físicas do alumnado dentro da confidencialidade das mesmas. Deste xeito, grazas ao bigdata, pemitirá avaliar os alumnos, comparando os seus resultados cos da poboación de iguais e chegar a previr problemas derivados dunha mala forma física.

Dende fai anos, o Departamento de Educación Física, leva un rexistro destes datos a modo de estudo que agora atopa, a través desta plataforma, un recurso para sustanciar ese traballo e buscar o apoio de novos materiais e d e formación. O máis selientable é que o IES María Sarmiento se converta nun centro activo fisicamente no que calquera alumno poda atopar unha actividade física que lle guste e o motive de cara a unha vida saudable.

OUTRA VEZ EN VALGRANDE

Nesta ocasión, á segunda foi a vencida.

Pensabamos estar a finais do trimestre e tivemos que retrasar a actividade para comezos de abril, dada a inxente cantidade de neve caída que facía pouco seguras as pistas de Valgrande.

Por ese mesmo motivo o aloxamento fixémolo en Villamanín, a uns dez quilómetros, pero o que non variou foi o ben que o pasamos e o que disfrutamos practicando snow e esquí.

Os nosos profesores de Educación Física, promotores da viaxe, amosáronse moi contentos cos obxectivos acadados de fomentar a práctica de deportes alternativos e a vida ao aire libre, mellorando a convivencia intergrupal.

* * * * *

Tania López Fernández

Juan Fraga Pino

Anaís Gómez Fernández

MATRÍCULAS DE HONRA NO BACHARELATO

Tania López Fernández e Juan Fraga Pino, do Bacharelatodo Científico - Tecnolóxico, e Anaís Gómez Fernández, de Humanidades, acadaron cadansúas matrículas de honra cos mellores expedientes do Bacharelato do noso centro. Parabéns!

Lo único que importa es el esfuerzo
(Antoine de Saint-Exupery)

O Provisional

Rúa: Misericordia, 58
27850 - VIVEIRO (Lugo)
¡NOVO! Teléf.: 982.870916
¡NOVO! Fax: 982.870933
Móbil 606.54.11.55 e 615.396.604
ies.maria.sarmiento@edu.xunta.es
https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmariasarmiento/
Impreso, en papel reciclado, en PUBLILAR - Magazos - Viveiro
Depósito Legal: LU - 402-1994
Viveiro, 21 de xuño de 2018
ANO XXV, NÚMERO 69
TIRADA 825 EXEMPLARES
DISTRIBUCIÓN GRATUÍTA a alumnos e profesores: 800 exemplares, por correo a antigos profesores, institucións, centros e medios de comunicación: 25
SUBVENCIONA:
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARÍA SARMIENTO

COLABORAN NESTE NÚMERO:

ALUMNOS
1º de ESO e PMAR, 1º CMEV
Alexia López Barcón, Lucía Pernas, Noemi Díaz Dovale
PROFESORES
Xosé Cabana, Sabela Barcón, Primitivo
EX-PROFESORES
José María Leal López
DISTRIBUCIÓN, COMUNICACIÓN E ARQUIVO
José López Peña, Lucía Lage Pol
Antonio González da Torre
Javier Caneda González
COORDINACIÓN E MAQUETACIÓN
Néstor Timiraos Labaen

85 A MS17 220132

Planificación de estudos no IES María Sarmiento

para o curso 2018/2019 (Réxime Ordinario)